



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA Ó APOIO AOS EMPREGADOS DA EMPRESA FAURECIA AUROMOTIVE ESPAÑA S.A. DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS ANTE O SEU FUTURO INCERTO** para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un dos motores importantes na economía galega é o da automoción. En Galicia prodúcese un de cada catro vehículos ensamblados en España, pero a pesar destes datos, o sector enfrontase a incertezas debido a electrificación, a aposta por unha mobilidade máis sostible, novas normativas e á competencia de países cun baixo custo de produción.

En concreto entre 2019 e 2023 a produción europea de automóbiles caeu un 16% mentres en Asia se viu incrementado nun 12% .

Prevese un crecemento case nulo en Europa, ao tempo que no resto do mundo progresará en torno ó 9% no período 2023-2030. Estes datos non son esperanzadores para un sector desta importancia en Galicia.

En Ourense o sector da automoción é estratéxico por a súa proximidade a industria de Vigo. É unha provincia na que as empresas auxiliares da automoción teñen un peso moi importante, contamos con numerosas compañías como é a compañía Faurecia Automotive España S.A, sita no Polígono de San Cibrao das Viñas, propiedade de Forvia, a cal fabrica paneis de porta, taboleiros de a bordo, guarnicións e ebanistería para os automóbiles. Conta a día de hoxe con case 300 empregados que traballan de maneira exclusiva para Stellantis.



Estes empregados da compañía francesa están a ver perigar os seus postos de traballo por a caída da produción automobilística e o estancamento previsto de cara ó 2030, debido a isto non se están a renovar os postos dos que se xubilan e vanse ver reducidos inmediatamente e de forma drástica a contratación e o reaxuste de plantillas.

Ademáis disto Stellantis retirou a adxudicación dun novo vehículo a planta de Ourense trasladándoo a un país low cost e decidir de non seguir coa continuidade do Peugeot 2008, o que suporá que a carga de traballo que tiñan ata 2028 chega ao seu fin.

Son moitas as empresas que están a ver reducida a súa carga de traballo, e viven coa incerteza de se van a ter ou non pedidos de empresas como Stellantis que a pesares de beneficiarse de fondos europeos a través do PERTE do vehículo eléctrico, non reflexa o apoio en Galicia e na provincia de Ourense, se non que deslocaliza a outros países nos que a man de obra é máis barata.

No se debe permitir que un dos motores principais de Galicia e da nosa provincia se desmantele. Debemos protexelo sector fronte outras potencias, con actividade industrial e con proxectos.

ACORDOS:

1. Instar ao Grupo FORVIA a garantir o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente forma parte da empresa.
2. Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno Central que deseñe convocatorias de axudas para o sector da automoción e industrias auxiliares que garantan o emprego de proximidade e eviten a deslocalización.



DEPUTACIÓN
DE OURENSE

Ourense, 13 de xaneiro de 2025.

44468060K ANA Firmado digitalmente por

PATRICIA 44468060K ANA

TORRES (R: PATRICIA TORRES (R:

V32237471) V32237471)

Fecha: 2025.02.13

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE